

ANOTACIÓNS  
*sobre literatura e filosofía*

*nº 15, xaneiro de 2017*

*Roberto Abuín*

*“Ogham,  
ou arredor da escrita”*

Euseino?



## Anotacións 15



*Anotacións sobre literatura e filosofía*  
*nº 15, xaneiro de 2017*  
Ogham,  
ou arredor da escrita



ANOTACIÓNS  
*sobre literatura e filosofía*

nº 15, xaneiro de 2017

*Roberto Abuín*

*“Ogham, ou arredor da escrita”*

Euseino?

Primeira edición (PDF), xaneiro de 2017

ISSN 2340-8537

PUBLICACIÓN NON VENAL

Edición

Beatriz Fraga Cameán

Euseino? Editores

Fundación Euseino?

Rúa do Brasil 40-42, 5º Esda. 36204 Vigo, Galicia

<http://euseino.org>



—Cal cres que pode ser a causa que provoca en nós esa estraña necesidade de escrita? Por que se enfoca o ser humano, case constantemente, de modo mesmerico, no proceso escritural? Dóasenos aí algún tipo de sentido *extra* sobre o mundo, sobre o seu acontecer?

—Unha cuestión peculiar... En verdade si creo que hai unha singularidade nese proceso, nese curioso proceder no que se trazan —sobre superficies de calquera tipo— unha serie de signos, vinculados ao que, mal que ben, chamamos mundo. Non podería expresar claramente que é o que se move por detrás, nesa actividade, que é o que nos leva infatigablemente a ese ¿desatino?

—Hoxe pasoume algo curioso... Estiven parte da tarde na horta, arranxando as tomateiras e recollen-

do uns legumes. Concentrado na tarefa esquecín o paso do tempo pero, nun momento específico, sen previo aviso, irrompeu en min un enxergamento. Pareceume que, ao andar sachando e recollendo isto e aquilo, estaba a escribir sobre a terra pero non na superficie como tal senón na totalidade envolvente, no medio, no lugar: dun xeito bastante máis global dábase no meu proceder un escribir, unha escrita, que abría o *tópos* a un acontecemento previamente inexistente. Pareceume que eu era unha escritura dándose no medio. Esa escritura era moi abstracta pero, ao mesmo tempo, moi concreta. De aí todo derivou nunha certeza: a de que toda escrita alfabética, esa que tecemos sobre determinadas superficies, era o reflexo dun outro operar máis xeral que os seres humanos desenvolvemos e que se institúe como praxe central para nos achegarmos a todos os feitos e situacións que nos rodean e nas que participamos... Non sei se me comprendes...

—Máis ou menos. Que queres dicir con “reflexo dun outro operar máis xeral que os seres humanos desenvolvemos e que se institúe como praxe central para nos achegarmos a todos os feitos e situacións que nos rodean”? Aludes con iso a que ao evoluciono-

nar, discorrer e devir polo mundo o ser humano crea inadvertidamente unha sorte de gramática que, aos poucos, de maneira case seriada, vai constituíndose en código, alfabeto primordial, configuración xestual autosignificante? Isto é, queres dicir que o existir é, nalgún nivel, un escribir? Estás expresando, aproximadamente, iso?

—Estou, si, efectivamente; cara a iso é cara ao que me encamiño.

—Entón, concédeme que propoña a cuestión seguinte: se vivir e escribir teñen algo que ver, por forza iso ao que chamamos escrita ha ser, por necesidade, unha potencia material cuxo devir instaure significados dun modo alterno ao do simple trazo realizado sobre unha determinada superficie na que nace e se cifra un signo... Así vista, a escrita tería que ver máis con intensidades físicas, con forzas en interacción, con enerxías operando no mundo, desde e a través dos corpos, dos obxectos, das cousas, ca con representacións e símbolos inscritos en papeis.

—Niso era no que estaba pensado cando me encontrei contigo... Meditaba, especificamente, na cuestión da técnica, da *tékne*. Porque, verás, despois

de sucederme aquilo, continuei co traballo, pero nun momento en que estaba agachado, axeitando a terra onde sementara unhas patacas, decateime, en certo modo, da razón daquela sensación, daquel pensamento: decateime de que se estaba dando, en min, por min ou desde min (a través de min?) unha certa orde material, unha certa forma de operar físico que —malia acontecer desde a operación técnica de estar a traballar na terra— ía alén da simple operatividade técnica: dábase un operar metatécnico (podería expresalo así) cuxo movemento se nutría da raíz do técnico pero propulsándome alén da facticidade de estar cultivando no agro... Ese modo operativo metatécnico abríame a unha intelección que me despregaba cara ao pensamento como substancia connatural a todo, de todo, e nesa intelección eu era indiferente do operar propio das formas de vida botánicas ou do movemento xeolóxico da terra. Esa intelección brindábaseme desde a operatividade técnica pero nun nivel outro que me proxectaba cara a un acontecer metatécnico, aínda que se podería dicir antetécnico, previo á *tékne*.

—Entendo... Queres dicir, entón, que desde calquera técnica se opera unha aproximación a un

acontecer universal, metatécnico, que traspasa toda posibilidade pragmática humana. Algo así como se un *lógos* naceuse no lugar da técnica á que un está afeito, chegándose a un proceder (material ou inmaterial) no que o suxeito deixa de operar en específico *esa* técnica concreta para comezar a voar nunha sorte de operación física, enerxética e interactiva que transcendería a forma práxica na que un está a traballar, desde a que un está operando.

—Máis ou menos... Non quixera caer en reducións ao absurdo, tampouco quero chegar a dicir que toda praxe humana, en tanto que operación desenvolvida desde unha técnica, chega a un nivel no que ve amencer en si unha dimensión operativa metatécnica, na que iso que se deu en chamar o *lógos* (vinculado historicamente co “ser”) viñera a percorrer os corpos cunha intensidade ordenadora e despregante... Iso sería case falar de hierofanías, e non... non vai por aí a miña interrogación, non vai por aí o cuestionamento que me incomoda e provoca preguntas... Na sospeita do meu pensar albíscase algo eminentemente material (ou posmaterial pero non espiritual), algo que tería que ver máis coas liñas abertas por Vilém Flusser para unha filosofía do

inmaterial, talvez. O que me provoca a meditación é o feito de que parece darse algo singular cando un chega a afacerse (a comparecer naturalmente) cun proceder técnico de calquera tipo, cunha *tékne* calquera... Cando iso sucede e un se chega a coimplicar con tal técnica, sucede *materialmente* algo outro, outra cousa, despois da simple operatividade técnica... Entendes mellor por onde vou?

—Polo que falas, parece que insinúas, se non entendo mal, que toda técnica é conducente, internamente, diso ao que te referiches hai un anaco como “escrita”. Dito doutro xeito: parece que sostés que toda técnica acaba por provocar, case apodicticamente, un devir escritural. Paréceme que no fondo do teu cuestionamento iso é o que está presente.

—Abofé, entendiches perfectamente.

—Entón estás dicindo que todo proceder técnico, en canto escrita, é idéntico. Polo que a escritura nun papel ou o traballo dun ebanista, o debuxo dun pintor que fai esbozos para producir despois un cadro e o traballo que o campesiño fai na leira... os volumes creados por un escultor e os alicerces projectados por un albanel... a pesca do mariñeiro e a

investigación metafórica dun poeta... que todo iso é o mesmo, ou que participa dun mesmo proceder común, xeral, insistente e repetidamente semellante. E, en última instancia, parece que dis que toda técnica humana é un mesmo facer, unha mesma *poiesis*. Suxires iso?

—Teño a certeza de que é así, non o estou suxerindo. Certeza brindada na experiencia técnica que vivencio ao traballar na horta, cando estou facendo algunha cousa para xantar, tomo apuntamentos nun caderno ou me poño a escoitar música, incluso a contemplar o cadro dun pintor... Tamén nestes dous últimos casos, nestes procederes aparentemente pasivos, hai un devir escritural posto que —nalgún nivel do proceso contemplativo— hai un operar técnico.

—A escrita, polo tanto, sería para ti unha operación intrínseca do real.

—Así é. Niso é no que viña pensando.

—Con todo... Non acabo de dirixir adecuadamente o meu pensar cara ao que argumentas pero vou ir tentando... Vexamos, se dis que a escrita é un proceso connatural ao mundo pero —como indicaches hai un anaco— é un modo xeral (abstracto,

creo que o denominaches así) que se dá e realiza no humano e, ao mesmo tempo, dis que a escrita, cando devén inscrición (teoricamente unha das súas características máis definatorias), é moito máis do que un simple trazo realizado nun papel... Entón, comprenderás que quede un tanto abraiado... porque, se non entendo mal, parece que concibes o escritural como un movemento que, non necesariamente signándose (cifrándose en signo específico), ten un devir que significa; sería polo tanto un movemento significador, algo en si significativo. O que querería dicir que nese movemento —que non é necesariamente cifrador— si se dá un tender cara ao inscricional pero cuxa determinación sígnica non sería ríxida, fechada, absoluta. O signo sería residual nese concepto de escrita que desenvolves.

—Así é, aproximaste á idea que parece estar compondéndose en min. Tal e como me parece que o visualizo, o proceso da escrita (porque, en esencia, sería “un proceso”) viría sendo unha acción natural do mundo e tería unha serie de características, entre as que a inscricionalidade é unha das posibles manifestacións pero non a única. Outra cousa sería pen-



sar que hai graos de inscricionalidade, de maneira que ese movemento (escrita, proceso da escrita) que se dá no mundo, antes de rematar devindo signo, sería un acontecemento que significaría *per se* sen determinarse como cifra de nada, posto que semellaría ser contrario ao seu mesmo proceder... E nese movemento propio —un movemento común, por iso antes falei da *semellanza* de toda técnica no seu operar intrínseco— o importante non viría sendo, como dis, o signo, posto que nada tendería de maneira absoluta á emerxencia do evidente, do certo. A escrita como proceso significante (interna dación do real) viría devindo luminoso e transparente na medida en que tamén se dese escuro, incerto. Todo o que se mostra e se dá significativo, ao mesmo tempo oculta, velando todo canto se amosou como claro e aberto... Non habería un signo que non tivese a súa sombra opacadora... Pero tampouco sería o importante, posto que na mesma realidade do signo xa estaría presente un fulgor escuro, unha cegueira, un radical ocultamento...

—Desconcértame o que dis... Ocultamento en que sentido?

–Lémbrete do fragmento 123 de Heráclito de Éfeso: Φύσις κρύπτεσθαι φιλεῖ, *Phýsis krýptesthai philei*. Acórdate do significado que habitualmente se lle dá. Polo xeral, como é traducido?

–Si, claro que lembro... A tradución máis común é esta: “A natureza (*phýsis*) ama (*philei*) agocharse (*krýptesthai*)”. Desa maneira téndese a interpretar a frase do filósofo de Éfeso dun modo bastante esotérico, a saber, que todo tende cara a unha ocultación, un agochamento, que encubriría o celme da natureza. Desde ese modo de entendela, o pensador só podería acceder a tal cerna íntima mediante un acto de evidenciación, ou de traer ao aberto e luminoso aquilo que antes tendía cara ao agochado e o segredo.

–Entón, entendida así, a frase heraclíteica parece dicirnos que só é posible chegar a comprender algo da propia natureza desde unha acción en certo modo contraria á da propia natureza... Non? Se todo tende a un agocharse, entón o esforzo cognoscitivo do pensador é unha acción que violenta o acaecer mesmo da natureza, da *phýsis*... Parece dicir iso, non?... De maneira que se quixeramos coñecer algo

dela e ser polo menos respectuosos con ese seu natural tender cara ao ocultamento, entón teríamos que dicir: ou ben é imposible coñecer *con certeza* nada dela, da natureza, ou ben hai un método concreto, non necesariamente cargado dunha violencia gno-seolóxica, que permite achegarse a ese movemento propio da *phýsis* no seu constante retornar cara a si nun acto de ocultamento e de permanente autoagochamento.

—Ah! Moi interesante, prosigue...

—Se a realidade fose imposible de coñecer, iso querería dicir que ningunha cousa podería ser expresada nin enunciada sobre o mundo, sobre os seus devires e cambios; tampouco unha clara empiricidade técnica podería desenvolverse, non habería posibilidade dunha historia da técnica. O saber e o facer reduciríanse a teóricas ilusións. Porén, hai polo menos un ser humano que dixo “isto é iso”, ou “isto, é así”, e diso seguiu-se unha consecuencia práxica. Este movemento último, este darse —que se vincula con iso ao que me refiro como un operar metatécnico, se queres vencellado cunha sorte de *lógos* ou intelección— ponnos por forza contra as cordas e fai-

nos pensar que, malia que non todo sexa *certeza suma*, alomenos algo significativo puido acadarse do eventuarase do real. A min interésame especificamente pensar que a ciencia (a *episteme* científica) evidencia algo, non necesariamente na súa truculenta tecnificación contemporánea senón na súa razón orixinaria, no seu celme fundador. En calquera caso, é evidente que se optamos por pensar que non é posible dicir ningunha cousa sobre o mundo e os seus procesos, chegaríamos a unha especie de relativismo, a unha sorte de ilusionismo constante que, como sabes, certas tendencias místicas preconizan. Non obstante, se pensamos que algo foi dito e é posible dicir *aínda máis* sobre o mundo e os seus comportamentos, entón afirmamos, subrepticamente, que se está a operar desde un método específico, é dicir, que efectivamente hai un método concreto para chegar a coñecer algo do mundo. Iso, tendo en conta o que levamos falado, fainos retomar a cuestión da natureza como acontecemento autoocultante. E desde aí preguntamos: sendo así a *phýsis*, que clase de método é o propio para chegar a coñecer algo dela sen violentala? Ou acaso é preciso violentar a natureza? Neste último caso, é obvio que operaría-

mos á contra da natureza mesma e o debate levaríanos a outro ámbito: o coñecemento como artificio. Pero sigamos coa teima metodolóxica...

—Claro! Hai un momento no que o coñecemento da natureza se converte nunha acción esperanzadora, nunha cuestión de proxección, case de fe. En última instancia, moitos dos paradigmas científicos sostéñense, como certos filósofos da ciencia describen, desde unha crenza metafísica que sustenta tal paradigma, e do que o paradigma é resultado “empírico”. Pero seguindo co tema, vese claro que dicir algo significativo sobre o mundo implica en certo modo que unha metodoloxía conducente estea xogando detrás do asertar, ou do producir técnico. E esa metodoloxía é internamente o patrón que diseña o coñecemento. É dicir, a metodoloxía en si é o coñecemento.

—Claramente. O método é, en certo xeito, o achado último do coñecemento. Que exista un método, que haxa un xeito de achegamento específico é onde está a clave de todo isto, de todo o que estamos falando... A pregunta debería ser: que método é ese? Que maneira? Que forma? Se nos atemos á lectura

do fragmento heraclíteo, usándoo como punto de apoio, entendendo que a natureza tende a un auto-encubrimento, o único xeito evidente de acceder metodoloxicamente a iso que chamamos mundo sería a través dun estar atento ao que se mostra des-oculto, des-agochado. E penso nestas palabras que acabo de dicir poñéndoas en relación coa forma grega de verdade: *Ἀλήθεια*, *Alétheia*, cuxa habitual tradución significa: a realidade (de algo) mostrada como tal, sen ocultamento, sen misterio. A lectura que Heidegger inaugurou dese concepto, como ben sabes, fai entender o verdadeiro como un proceder de quitarlle (*a-*, negación) veos (*létheia*, algo velado, esquecido, sustantivación do verbo *λανθάνω*, *lantháno*, esquecer, agochar) á realidade que se mostra oculta. E iso implica devolver, en certo modo, ao visible, ao manifesto, aquilo que estaba agochado, velado, pero que permanece incorruptible e sendo, sen confusión. Para a filosofía contemporánea falar de verdade, no sentido grego, é falar de recobrar a claridade prístina que o real *se supón* debe ter no seu mesmo eventuar-se íntimo. Curioso... Como ves, na lectura da frase de Heráclito preséntasenos un dilema histórico que a filosofía foi debuxando ao longo dos séculos na súa

inquebrantable tradición iluminista... E xa sabes o que penso acerca do que significa traer ao lado evidente das cousas (claridade absoluta e total) aquilo que, en certo modo, pide manterse escuro... Xa sabes o que creo acerca do fracaso que iso implica, no que se refire a sistemas epistémicos e políticos, pero non vou permitir que as miñas ideas persoais interfiran no noso diálogo... O importante do que estamos falando é que devolver ao visible ten que ver, necesariamente, cun lembrar, cun deixar de esquecer o que xa sempre foi como realidade en si. Devolver ao visible e evidenciar o que se agocha é recordar, facendo patente, o que é. Dáse así, nesta sorte de metodoloxía metafísica, unha reversión do aquelar ocultante da natureza —sempre segundo a lectura que estamos facendo do fragmento de Heráclito—, convertendo ese devir ocultante nun abrollar iluminador, clareador, aperturizante: unha liberación cara ao visible (o espazo aberto e sen contorsións) do que soterrado estivo sucedendo até ese intre.

—Entendo.

—E é exactamente nese punto onde se nos abre a posibilidade dun método *outro* para o pensar no

que se enxergue a operación do mundo como un proceder ocultante, que tamén se move, sen violencia de ningún tipo, cara ao aberto, o despregado, o luminoso... Penso niso tentando levar o diálogo cara ao asunto da escrita pero xa chegaremos aí... A cuestión está servida: seguindo a lectura que se desprende do fragmento de Heráclito, todo proceder desvelante non é tamén un proceder encubridor? Non digo que estea evidente no fragmento, pero un pensar que medite no que a frase propón, non pode desoír que non hai un desvelamento que ao mesmo tempo non oculte.

—Se é así, entón: toda verdade porta unha sombra de falsidade.

—Si, efectivamente, ambas as cousas se dan simultaneamente: non se vela sen desvelar e non se desvela sen velar. Pois desvélese algo velando algo, e vélese algo desvelando algo. E é nese paradoxo onde se me fai clara a apertura cara á visión do rostro escurecido das cousas, do seu aquelar ocultante como segredo inviolable. Se comprendes o que insinúo, ben ves que se perfila no horizonte do pensar unha forma de acceder ao mundo —a nivel de méto-



do, μέθοδος, *méthodos*, camiño, procedemento, vía— sen unha determinación cifrada como protocolo estrito. Comezando a percibirse, dese xeito, a feitura dun acontecer cognoscitivo que non significa con designación ríxida. Supoño que entendes a que me refiro.

—Si, creo enténdelo ben. Queres dicir que a totalidade da realidade debería ser vista dun xeito tal que toda determinación estrita fose quebrantada, rota, o que implicaría que o mundo debería deixar de aparecer como unha perfecta *Weltanschauung*, cosmovisión, panorama ideático, para comezar a estar un instante antes de que tal cosmovisión se forme. Deberíamos, máis ca crear mundos epistémicos perfectamente completos, desenvolver prácticas analíticas de mundo, devires procesuantes de praxes epistémicas, praxes que son vida. E seguindo esta percepción, creo que ves na escrita —como procedemento técnico xeral e específico xa non do humano senón de calquera ente da natureza, de *phýsis*— o eventuarse mesmo desa praxe que xa non sería simplemente humana, no que se refire á subxectividade, senón que sería connatural a todo. Non é?

—Certo, na escrita paréceme que mora unha praxe fundante, naturalmente dada como método producido polo mundo no seu transformarse, non emanada dun artificioso protocolo. Retomo dese xeito o que comentaba antes: se comprendemos que a progresión cara ao luminoso precisa considerar simultaneamente o aquelar ocultante da natureza, entón concederáseme que diga o seguinte: a *alétheia* como método para nos achegarmos á natureza é unha fraude, sempre e cando ese desvelamento non considere a difusa rede de poderes que se moven nas materias entrelazadas do existente, cos seus desconcertantes trazos, indicios, danzas, torsións, recursións, *ritornelli*, metamorfoses, etc. aparecendo e desaparecendo nun *continuum* absolutamente confuso e feroso. Algo que se relaciona coa idea de complexidade, como lugar intermedio entre a orde e o caos.

—Paréceme cabal. Centrarse só nunha vontade desocultante tende a absolutizar todas as posibilidades de coñecemento do real porque determina unha senda única, prioritaria, para chegar ao que viría sendo *a verdade mesma* do mundo. Téndese, con esa visión negada, nesa metodoloxía iluminan-

te, cara a unha constante apertura, esquecendo que tamén se move algo soterrado nunha escura latencia cuxo contornearse dificilmente clareará nunca un acontecemento diáfano. Posiblemente, incidindo no que comentas, habería que situarse no espazo limítrofe entre o ordenado e o desordenado, no *limes* inexacto que con borrosa dialéctica *intermedia* o verídico e o falaz, o oculto e o manifesto... e talvez sexa aí, nese momento suspendido entre dúas realidades contrapostas, onde se vexa a ausencia de tal dualidade, inventada, construída... Dialéctica que está presente ao longo de todo o traxecto histórico da metafísica occidental, que pensadores como Gilles Deleuze —creo entender— tentaron levar cara a outras veigas e feituradas. Pero iso é outra cousa... Continúa, por favor, creo que coa frase do hierofante de Eleusis podemos chegar aínda máis lonxe.

—Si, pero antes quería preguntarche algo: comezas a ver claramente cal é o sentido de todo isto que estamos falando? E tamén de que maneira iso se venella coa miña inicial percepción intuitiva, esa intelcción que me sobreveu cando andaba a traballar na horta, entre patacas, leitugas e cenouras?

—Si, creo que si... Se todo o que acontece pode percibirse dentro dun xogo de aparentes opostos en dialéctica contraposición, máis alá de aproximarnos a ningunha das dúas maneiras de *manifestar* un sentido dese movemento que se opera no mundo, será máis interesante —para poder chegar a estar no danzante transformarse do mundo e, polo tanto, coñecer *con el*— acontecer nese proceder intermedio que nin amosa nin oculta senón que se desprega, sen claridade, pero sen imposible comprensibilidade. Sos-terse, polo tanto, nun despregamento que non está cifrando con exactitude, pero que dalgún xeito significa. E esa é a razón que desenvolve a escrita, entendida como un proceso xeral do mundo. Todo o que se escribe, nin desvela nin oculta, posto que ao mesmo tempo que fecha e impide o significado, tamén sinala, toca e figura algo.

—Pois si, por aí é por onde nos seguimos movendo. Por outra banda e, como ben captaches, fixen unha lectura desa frase de Heráclito que ten relación con isto que andamos investigando. Pero déixame dicirte que, con relación ao que acabas de comentar, “será máis interesante acontecer nese proceder intermedio que nin amosa nin oculta senón que se

desprega”, Heráclito tamén ten dito cousas que se aproximan a iso que expresaches; por exemplo o seu fragmento 93: “O Señor, cuxo oráculo está en Delfos, nin di nin oculta nada, senón que se manifesta por sinais” (Ὁ ἄναξ οὐδὲ τὸ μαντεῖόν ἐστι τὸ ἐν Δελφοῖς οὔτε λέγει οὔτε κρύπτει ἀλλὰ σημαίνει, *O ánax ou to manteiόν esti to en Delphois oúte légei oúte krýptei alla semáinei*). Xa ves que hai moito miolo no tema, sabendo usar con delicadeza os vellos pensadores para conducirnos no pensar... Pero non nos desviemos, a cuestión focalízase na escrita como proceder de mundo... Entón, con relación á tradución que eu propoño do fragmento 123 de Heráclito, tes que saber que non me interesa dela a exactitude, xa que estou con Walter Benjamin naquilo que escribía: “A tradución que se propoña desempeñar a función de intermediario só podería transmitir unha comunicación, é dicir, algo que carece de importancia”. Iso, como ves, traería outro debate, sobre todo se o asociamos coa temática que estamos traballando, a da escrita.

—Concordo co que dicía Benjamin e, si, creo que subteraneamente a cuestión de traducir algo ten unha importancia determinante en todo o que

estamos falando, a pesar de que facelo explícito sería unha grosería, máis a esta altura da reflexión... Por favor, prosigue co que comentabas acerca da túa proposta para o fragmento de Heráclito.

—Si, si, non te preocupes... Quería sinalar só que en toda tradución se debaten forzas materiais que non son visibles unicamente no papel. Nese sentido, creo que traducir é un traballo tan complexo como escribir posto que, tamén seguindo a Benjamin, o tradutor “ha de experimentar de xeito especial a maduración da palabra estranxeira, seguindo as dores do alumemento na propia lingua”. Xa sabes que iso significa facer propia a lingua estranxeira conténdoa no morar que nos acubilla a través da nosa lingua materna. Pero ben... seguindo co fragmento 123, si creo que habería que axeitalo, máis neste caso concreto que agora tratamos. Precisamente por iso, tendo en conta as innumerables prácticas de verdade que se están desenvolvendo neste momento epocal, eu traduciría o fragmento heraclíteo así: “A realidade codifícase”.

—Curiosa tradución... A ver, explica...

—Non é *phýsis* o ámbito no que se dá o ser humano? Non é tamén o que agroma, o que emerxe e se

realiza como lugar do existente, das variadas formas de existencia? Por que non traducilo por “realidade” en vez de por “natureza”? Concedo que “todo é natureza” pero “realidade” indícanos a dimensión ontolóxica da nosa procura. Por outra banda, sintetizo *krýptesthai* e *philei* por “codifica-se” porque o propio de *philei* non é neste caso específico, no meu ver, tanto un “amar” como un “estar afeito a si, sen discordia, dun xeito específico”, precisamente por iso o converto nun reflexivo (“se”), porque o propio de algo ser consigo mesmo é ser-se en natural concordanza óptica, afeito a si, concertado co que lle é propio, nun darse alicerzante. E que é aquilo no que *phýsis* concorda? Pois *krýptesthai*... O “se” é aí sinónimo, por tanto, do alicerzarse da *phýsis* en si mesma desde unha *krýptesthai*... E *krýptesthai* xa indica o étimo a que se refire: κρύπτω, *krýpto*: ocultar, encriptar, permanecer (algo, alguén) velado ou oculto, cubrirse con intención protectora, disimular, etc. Poderías dicirme que en esencia todo viría referindo un acto de ocultamento, o cal é certo, pero a miña pregunta é: que se oculta e por que? Alén de cuestións relativas ás esencias universais das cousas, dos entes, e demais abstraccións, debemos considerar

que posiblemente o propio (o máis característico) da *phýsis*, cando tende a si mesma mediante unha *krýptesthai*, sexa a contención encubridora. Iso deberíamos levar a considerar a cuestión seguinte: *phýsis* perpetuamente se expresa, o que comportaría que todo é expresión, todo expresa. Así pois, que a *phýsis* tenda cara a si mesma, sendo expresiva, nun acontecer ocultante, sinálanos que ela se artella nunha determinada contención encriptante. A realidade encriptase conténdose de expresar algo propio de si nalgunha das maneiras en que podería fácelo. Como ves, habería unha retracción, un proceder negativo: *phýsis* négase a si. Pero esa negación non é moral senón física, configurativa. A realidade non di con certeza nada claro de si mesma senón que se encripta dun determinado xeito. Non ves aí resonancias con todo o que levamos falado até o instante?

—Si, en efecto... a encriptación non oculta só unha determinada fasquía anteriormente dada senón que tamén expresa un novo aspecto dunha maneira diferente á previa. Aí parece presentarse unha dicotomía moi interesante: a realidade (*phýsis*) non expresa unha idea perfecta e cabal de si de xeito total e completo, posto que unicamente se estaría amosando



unha mobilidade, un proceder... A danza da realidade acaecería dun modo nin evidente nin escuro, simplemente se procesaría dun modo encriptante, velándose a si, pero sen deixar de estar expresando en ningún momento, pois todo, en certo modo, estaría (está) en expresión: hai un clamor que percorre os entes e que expresa constantemente... Incluso no silencio máis opaco a expresión persiste.

—De certo. Por iso digo que pensar *krýptesthai* simplemente como ser-en-ocultamento é redutivo, posto que a ocultación non significa nada nun mundo no que todo está expresando en todo momento... pois dime ti que ente non expresa? Calquera realidade, polo feito de ser existente, está expresando en todo momento. Aínda no máis calado, no máis ocultante do seu ser, a *phýsis* expresa algo. E ese expresar encriptador, non é unha sorte de codificación? Non é a codificación o corazón da expresividade encriptante? Matizo que a codificación define un código (lingüístico) específico, o cal moitas veces acaba converténdose nun proceso estático; porén, o proceso codificador —a codificación como acción verbal— é algo que constantemente re-crea e innova, ao mesmo tempo que permanentemente

dota de sentido os acontecementos e as cousas que suceden no mundo, ou llelo arrebatada. A codificación di e cala, mostra e oculta, é o puro verbo da acción de *phýsis*.

—É moi interesante todo isto que estamos falando porque se me activan moitísimos eidos só brevemente pensados e, a través desta relectura, non só de Heráclito senón da realidade *desde* Heráclito —usándoo como filtro ou xanela para observar—, semella que se previsualiza unha posibilidade metodolóxica outra, baseada en todo o que levamos meditando con relación á escrita... Poderíamos falar dunha aproximación posmetafísica ao mundo desde un paradigma de tipo escritural? Resulta, continuando coa argumentación que acabas de expor, que todo en efecto codifica algo, polo menos todo aquilo ao que lle damos carácter expresivo inmediato, sexa un neno ou un paxaro, unha formación de nubes ou un programador informático: o suceder codificante percórreo todo e, dese xeito, o misterioso engado que é a encriptación que sobrevoa a realidade.

—E niso, non está presente a escrita —tal e como o expuxemos antes e ti o sinalaches agora— como un movemento que, ausente da necesidade do signo

como o determinante exacto e cifrado do seu producirse, se prolonga ao longo do medio cunha determinada mensaxe? Quero dicir: non será entón máis importante o propio movemento da codificación có específico código (=signo) que sinala e determina un aspecto desa realidade? Polo menos seguindo coa cuestión metodolóxica, coa intención pola nosa parte de chegar a abranguer dun xeito o máis cabal posible o suceder mesmo da realidade no seu constante ir e vir, dicir e non dicir... Isto é: non será a propia codificación, como movemento da *phýsis*, a propia mensaxe? Non haberá un tender codificante, un horizonte de significación, un carácter no movemento que codifica?

—Se o que afirmas é correcto, a realidade estaría codificando en todo momento unha mensaxe pero iso non se realizaría debido a que un determinado suxeito omnisciente codificase tal mensaxe. Máis propio sería dicir que: do mesmo xeito que non hai un emisor, tampouco hai un receptor, posto que se realiza un eventuarase codificante constante, que sería o aquelar mesmo da realidade en todo o seu fulgor expresivo. Nós, evidentemente, teríamos unha posibilidade direccional, na medida en que,

como suxeitos, *diriximos* a codificación que a través de nós se desprega; pero tamén habería que considerar a posibilidade de que sostivesemos unha ilusión cognitiva e que houbo un proceder codificante no que estivesemos participando, no que fosemos xa non emisores senón só corpos abertos á codificación que se desprega autonomamente.

—Exacto... Esa é a clave do que albisquei na leira... Decateime de que todo canto estaba facendo, todo canto levaba realizando esa mesma tarde era un modo determinado e tecnicamente cifrado dun movemento que non fora inventado por min, por ninguén, senón que procedía dunha ininterrompida sucesión de persoas que *atenderan* unha codificación específica da natureza —da natureza vexetativa, do botánico, do relativo ás plantas, herbas, legumes, etc.— e que, a través desa coincidencia coa potencia eventuable e codificadora da natureza, inscribían a forma, o código, o signo procesual dunha *tékne* á que chegaron a chamarlle “agricultura”. Foime obvio entón que o meu proceder non era persoal, a pesar de que o producía eu e a pesar de que eu mesmo podía melloralo, aínda que esa mellora técnica abollaría da escoita atenta ao impersoal codificarse que

a realidade eventuese en si, alén das crenzas e praxes definidas até ese mesmo instante.

—Pero, entón, que viría sendo a escrita aí?

—O diálogo codificador entre a natureza física e eu. Por exemplo, a miña maneira de atender o eventuarase codificante do agro foime amosado pola miña bisavoa: ela indicoume as formas, os modos, as maneiras en que debía atender e cifrar movementos concretos na face da terra. Naturalmente, é algo mellorable e niso indico a posibilidade de producir unha evolución dos protocolos técnicos xa codificados. Así, a forma en que me relaciono co medio *instancia* —inscribe, codifica desde un protocolo técnico concreto— unha mirada sobre o mundo. Esa mirada diríxeme a un eventuarase concreto, a algo que, alleo a min, se dá aí, no medio. A mirada convoca forzas. Esas forzas son a enerxía da realidade en movemento, mentres chega a min. En chegando esas forzas a min, o meu ser entra nunha dinámica que non é totalmente transparente nin totalmente opaca. Esa dinámica é a codificación pura (o núcleo interno) da *phýsis* no seu metamorfosearse, no seu contornearse transformativo. É aí onde está a escrita, non no signo procesual, na *tékne* que eu podó

chegar a aprender. E é aí onde está o límite cognoscitivo polo que temos que entrar. Cando un se afai a unha *tékne* específica dáse un axeitamento total do suxeito co operar abstracto da realidade, da *phýsis*. Entón agroma o propio acontecer codificante, pre-técnico, da *phýsis*, o que eu chamaría de escritura pura, movemento creativo e destrutivo, apertura e feche. Nese movemento instáuranse as evidencias luminosas (pero escuras) de todo o que chegamos a nomear realidade.

—Entón, queres dicir que se advén a posibilidade da escrita como codificación —que pode chegar a definirse “signo” ou *tékne*— no movemento mesmo das cousas, en todo, e que dalgunha maneira nós seríamos receptores dese movemento.

—Si, o ser humano (*ánthropos*) reflicte unha potencia codificadora; e a través do que parece ser a nosa característica máis evidente, a *tékne*, pois non deixamos de ser “animais técnicos” (*zoon teknikón*), concrétanse específicos cursos ou traxectorias dese movemento. A nosa única posibilidade sería estar atentos, mirar con atención e tentar *formar* as combinacións técnicas máis axeitadas, o que en certa forma se asemella, nalgún nivel, a aquela idea de *agen-*

*cement*, axenciamento, deleuziana: “A unidade real mínima non é a palabra nin a idea ou o concepto, non é o significante senón o axenciamento. É sempre un axenciamento o que produce os enunciados. Os enunciados non teñen por causa un suxeito que actuaría como suxeito de enunciación, tampouco non se refiren a suxeitos como suxeitos de enunciado. O enunciado é o produto dun axenciamento sempre colectivo que pon en xogo, en nós e fóra de nós, poboacións, multiplicidades, territorios, devires, afectos, acontecementos.” O suxeito ves que parece perder a súa importancia pero non é certo, é unha ilusión: o suxeito simplemente se abre á posibilidade de devir-escritural alén de protocolos técnicos específicos: a escrita entendida como proceso literario, a escrita entendida como agricultura, a escrita entendida como matemática, etc. Entendes?

—Entendo, si. Dese xeito o importante non estaría na técnica mediante a cal a escritura como codificación se presenta (en calquera das súas manifestacións técnicas) senón nese movemento intrínseco do real que non evidencia nin agocha, que simplemente se dá, opera, produce, constrúe... En certo modo, é esa escrita a *razón* —agora ben se

podería dicir *lógos*, ou xogando con percepcións non occidentais *dharmā*— que percorre todo, posto que ela é todo: todo viría sendo escrita. Isto é: Πάντα γράφει, *Pánta grápheí*, todo escribe, todo é escrita. E, de feito, para nós é así; para nós seres humanos, xa que parece non existir no horizonte da nosa evolución histórica outra obsesión máis constante e presente: o universo como proceso inscribible e tamén como realidade inscribinte, escribidora. A totalidade como escrita. Penso agora na histórica desmesura arredor dos libros, na elitización das clases sociais burguesas arredor do fetiche-libro, nas teoloxías histriónicas centradas no Libro como Revelación pero tamén nos moitos penedos inzados de petróglifos ou na progresiva hiperespecialización de certos tipos de escritas científicas, como por caso a Teoría-M e a súa tan refinada matemática, dunha tipoloxía case incomprendible para moitos matemáticos cun alto grao de coñecemento nesa maneira protocolaria de codificar o acontecer do mundo. En fin, a escrita como obsesión permanente da nosa condición humana.

—Agora dixéchelo ti... talvez a clave pola que deberíamos comezar a pensar de novo moitas cousas é esa consigna que enunciaches: *Pánta grápheí*, todo escribe.



—Agora ben, hai un problema, e é esa fixación obsesiva. Esa estraña tendencia hipnotizante pola que acabamos sempre enredados en signos, movementos intrínsecos da realidade e estrañas traducións de filósofos antigos... ese raro transo no que devimos animais alienados. Hai algo aí que debería ser transcendido.

—Posiblemente fora iso o que Nietzsche albiscou cando creou a figura do *Übermensch* (transhome, ultrahumano). Sabes que el falaba da necesidade de fracturar a vella moral e devir algo paralelo ás codificacións —así o traduzo eu— previas. É posible que nesa relación *reflexa*, especular, do ser humano coa *phýsis*, coa natureza envolvente, se dea unha certa inocencia, un certo acontecer mimético. Posiblemente, suxiro, sexa ese movemento mimetizante o que acabe por nos facer sígnicos, protocolarios, definidores de sistemas de código estrito, *id est*, morais; posto que: non é unha moral un protocolo concreto que se perpetúa no tempo acriticamente?

—Moi fino iso que comentas. Ao mellor a visión idealista de Nietzsche dos antigos gregos (pensemos, por caso, en “Sócrates, o que non escribe”) e tamén a súa percepción doutros pobos e culturas —desde a

súa lectura do *Zend Avesta* até a fabulesca visión de Oaxaca como espazo utópico, a través das fotografías de Désiré Charnay, pasando pola atenta investigación nas *Upanishads* traducidas polo seu bo amigo Paul Deussen— lle fixeran comprender unha perennidade que se move ao longo de variadas formas culturais humanas, xa non presente nas culturas occidentais, nestas culturas nas que se axializou unha política do *lógos*, é dicir, nas que se deu unha instrumentalización da codificación como proceso controlador dos seres... Posiblemente comprendeu, e contívoo na figura do *Übermensch*, que unha transfiguración do ser humano é dada cando este renuncia á escrita, á codificación que se determina de maneira estrita, concreta e estática, pero sen repudiar o seu poder, a súa forza configurante: posiblemente, cando o ser humano anula a súa hipnótica relación coa codificación —con todo o que metafísica e eticamente iso implica— é cando devén outra cousa; e acontece Outro.

—Posiblemente, entón, un ser xa non escribiría senón que sería unha escrita despregándose no mundo, aberta a un lugar despois de si mesma, despois da irradiación obsesionante que ela provoca

pero contendo, coma o veneno que se transformou en fármaco, o seu poder inscricional, a súa forza codificadora, abríndonos ás determinacións dun existir aínda non dado.





EDICIÓN NON VENAL

ISSN 2340-8537